

CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN ASÍ COMO DA INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS QUENTES, FRÍAS E PRODUTOS SÓLIDOS NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, MEDIANTE PROCEDIMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E LICITACIÓN ELECTRÓNICA (CDC-2023-0008)

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia, situada en Santiago de Compostela (A Coruña), Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016.

Doutra parte, **CATERING A CANTINA SL**, con domicilio fiscal na Travesía de Cacheiras, nº16-1ºB, (15883) de Teo (A Coruña) e provista do NIF B70369079.

Está representada neste acto por D Ramón Sixto Iglesias con DNI 44820315P e Jesús Cambeiro Triñanes con DNI 47363127D, na súa condición de administradores solidarios, en virtude do poder outorgado polo Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Carlos Sebastián Lapidó Alonso, en data de 21 de febreiro de 2019 e co seu número de protocolo 269.

As partes, recoñecendo mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente contrato

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que con data de 26 de maio de 2023 para a contratación da concesión do servizo de restauración, así como da instalación e explotación de máquinas expendedoras de bebidas quentes, frías e produtos sólidos, Cidade Da Cultura De Galicia mediante procedemento restrinxido non suxeito a regulación harmonizada (CDC-2023-0008).conforme ao previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

SEGUNDO.- Que con data de 27 de xullo de 2023, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia acordou adxudicar o citado contrato á CATERING A CANTINA SL, polo importe que figura na cláusula terceira do presente contrato.

En consecuencia e de conformidade co antedito, as partes conveñen en formalizar o seguinte contrato de servizo, con arranxo ás seguintes

CLAUSULAS



PRIMEIRA.- Obxecto do contrato

É obxecto desta contratación a xestión e explotación dos espazos para a prestación dos servizos de restauración na CDC en Santiago de Compostela, que atenderán a visitantes, usuarios e traballadores do complexo nos locais descritos en detalle no punto 4 e no Anexo 1 do prego de prescricións técnicas que rexe a contratación, coas instalacións fixas e moblaxe que se detalla no mesmo anexo e no texto do dito prego.

O obxecto inclúe a instalación e explotación de máquinas expendedoras de bebidas quentes, frías e de produtos sólidos, nas condicións sinaladas no punto oitavo do prego de prescricións técnicas que rexe a contratación.

SEGUNDA.- Cumprimento dos pregos.

CATERING A CANTINA SL, comprométese á execución dos referidos traballos con estrita suxeición aos Pregos de Cláusulas Particulares, Cadro de Características e Prego de Prescricións Técnicas documentos que declara coñecer e acepta plenamente, os cales forman parte do presente contrato e que deberá cumprirse a tenor dos mesmos, así como ao contido da súa oferta en canto resulte de aplicación como mellora do contido dos citados pregos. En caso de discordancia entre os documentos referidos e o presente contrato, prevalecerá o contido dos pregos e proxecto sobre o manifestado nos termos deste documento.

TERCEIRA.- Prezo do contrato e forma de pago.

- a) **Canon fixo anual pola xestión e explotación dos espazos para a prestación dos servizos de restauración e pola explotación de máquinas expendedoras de bebidas quentes, frías e de produtos sólidos:**

Durante a vixencia do contrato, o licitador que resulte adxudicatario, deberá proceder ao ingreso anual a favor da Fundación dun canon de 3.600,00€ mais IVE/por ano.

O canon fixo anual a satisfacer polo contratista será abonado a favor da Fundación por este dentro do mes natural seguinte a aquel no que se inicie cada período natural de vixencia do contrato. Non obstante o anterior, respecto do primeiro ano de vixencia do contrato, o pago do canon realizarase no prazo de dous meses a contar dende a formalización do contrato.

- b) **Gastos máximos con cargo á Fundación (estimación), por servizos demandados para atencións a eventos, segundo PPT:**
- 90.000,00 € (en cinco anos, en concepto de servizos á Fundación).
 - 9.000,00 € (en cinco anos, IVE, en concepto de servizos á Fundación).

- c) **Prezos dos servizos de restauración:**

c.1. - Prezo dos Menús

	Prezo con IVE
Menú do día (primeiro, segundo, sobremesa, pan, bebida e infusión), en modalidade de servizo en mesa,	13,00€



Medio menú	8,45€
Menú almorzo completo (café dobre/infusión, peza de boiería/torradas e zume de laranxa natural)	5,00€

c.2.- Produtos de restauración

Produto	Oferta do Licitador con IVE
Grupo de bebidas quentes	
Café só	1,10€
Café cortado	1,10€
Café con leite	1,20€
Café con leite dobre	1,40€
Infusións	1,20€
Vaso leite	1,40€
Chocolate	1,40 €
Grupo de augas minerais	
Auga 1/3 sen gas (cristal)	1,20€
Auga 1/3 sen gas (plástico)	1,10€
Auga 1/3 con gas	1,50€
Augas ½ litro	1,70€
Augas litro ou litro ½	2,00€
Augas litro (cristal) ou litro ½ (cristal)	2,20€
Grupo de zumes	
Zume de piña	2,20€
Zume de melocotón	2,20€
Zume de laranxa	2,20€
Zume de laranxa natural	2,50€
Grupo de cervexas	
Caña de cervexa	2,00€
Corto cervexa	1,70€
Botella cervexa con alcohol 1/3	2,00€
Cervexa sen alcohol	2,20€
Grupo de viños e bebidas alcohólicas	
Copa de viño	2,20€
Vermú	2,70€
Licores	2,20€
Outras bebidas de maior gradación alcohólica	8,00€
Grupo de refrescos	
Refresco cola	2,00 €
Refresco laranxa	2,00 €
Refresco Limón	2,00 €
Tónica	2,00 €
Refresco de te	2,00€
Bebida isotónica laranxa/limón	2,00 €
Mosto	2,00€
Refresco sen burbullas	2,00€
Grupo de boiería	
Biscoito	1,50€
Croissant	1,50€
Napolitana	1,75€
Rosquilla tipo Donut ou similar	1,50€
Torta	2,80€
Churros ½ ducia	1,80€
Torrada de pan con aceite de oliva virxe	1,80€



Bocadillos	
Bocadillo de xamón	4,00€
Bocadillo de queixo	3,20€
Bocadillo de chourizo	3,20€
Bocadillo de salchichón	3,20€
Sándwich mixto	2,80€
Sándwich vexetal	3,50€
Hamburguesas	5,00€
Montaditos	3,00 €
Empanadillas	3,00€
Grupo de aperitivos	
Aperitivos (snacks)	1,80€
Produtos frescos	
Macedonia de froita variada	2,40€
Peza froita (laranxa ou mazá)	1,00€
Mini ensaladas	5,00€
logures	1,50€
Grupo de xeados (alomenos en temporada)	
Xeado de cornete	3,40€
Xeado terrina ou similar	2,40€

3.- Produtos de máquinas expendedoras

BEBIDAS FRIAS

ARTIGO	PRESENTACION DO PRODUTO	CONTIDO	PREZO con IVE
Refresco de Cola	Lata	33 cl.	1,20€
Refresco Cola Light	Lata	33 cl.	1,20€
Refresco Cola Zero	Lata	33 cl.	1,20€
Refresco Laranxa	Lata	33 cl.	1,20€
Refresco Limón	Lata	33 cl.	1,20€
Refresco de te	Lata	33 cl.	1,20€
Bebida isotónica	Lata	33 cl.	1,40€
Auga Mineral	Botella	50 cl.	0,80€
Zumes	Brick	33 cl.	1,20€
Batidos e produtos con leite	Brick	18/20 cl.	1,20€

BEBIDAS QUENTES

ARTIGO	PREZO con IVE
Café, té, chocolate, infusións, outras	0,80€
Café especial selección	0,90€

SÓLIDOS

ARTIGO	PREZO (PVP) con IVE
Patacas fritidas/snacks salgados	1,20€
Froitos secos	1,20€
logur natural/sabores	1,20€
Croissant/Brioche variados	1,00€
Tipo dónuts ou equivalente	1,00€
Madalena	1,00€
Chocolatina	1,00€
Sándwich	1,80€



O contratista terá a obriga de presentar a/s factura/s que expedise polos servizos prestados ou bens entregados. A factura será enviada á Fundación a través do sistema electrónico de facturación (SEF) da Xunta de Galicia, polo que o contratista deberá facer a presentación telemática da factura a través deste sistema.

CUARTA.- Revisión de prezos.

En relación cos prezos ofertados ao público e que figuran na cláusula terceira do presente contrato, Os prezos máximos a aplicar ao público usuario das instalacións de restauración durante o primeiro ano de duración do contrato serán os ofertados polo adxudicatario. Estes prezos poderán ser modificados anualmente, previa solicitude á Fundación mediante petición razoada e tendo en conta que o aumento máximo a autorizar será o que resulte da aplicación do IPC xeral galego relativo ao período anual inmediatamente anterior.

QUINTA.- Prazo de execución e prórroga.

O prazo de execución do contrato será de **CINCO ANOS (5) anos** dende a sinatura do contrato, sen prórroga.

A data estimada de inicio do servizo será o día 07 de agosto de 2023 (servizo de restauración) e **26 de agosto de 2023** (servizos de instalación e explotación de máquinas expendedoras de bebidas quentes, frías e de produtos sólidos, nos edificios da Cidade da Cultura de Galicia). No caso de que o contrato se formalice con posterioridade a esa data, o prazo de execución comezará o día seguinte ao da súa sinatura.

- Prazos parciais:

1. Respecto da instalación e explotación de máquinas expendedoras de bebidas quentes, frías e de produtos sólidos, nos edificios da Cidade da Cultura de Galicia, o adxudicatario disporá dun prazo máximo de 7 días naturais, a contar desde a sinatura do contrato ou do fin do contrato anterior (no caso de sinatura anterior a fin do prazo de vixencia), para a realización de todas as tarefas necesarias para a instalación e posta en funcionamento das máquinas.

2. Respecto á posta en funcionamento xeral e réxime transitorio

Para a prestación de servizos definidos no presente prego, o adxudicatario disporá dun prazo de quince días hábiles dende a formalización do contrato, debendo garantir a apertura e posta en funcionamento, no prazo máximo de sete días hábiles dende a formalización, dalgún dos dous puntos definidos no punto A.1.1. ou A.1.2. do prego de prescricións técnicas.

SEXTA.- Prazo de garantía

O prazo de garantía é de Un (1) ano a contar dende o seguinte a data de finalización do contrato.

SÉTIMA.- Garantía definitiva

Foi constituída a favor da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a garantía definitiva por importe de vinte un mil setecentos oitenta euros (21.780,00 €), mediante resgardo da CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS da Xunta de Galicia número 1527/2023 , de data 24 de xullo de 2023, pola que se acredita a presentación en metálico de dita cantidade.



Igualmente o contratista acredita a existencia dunha **póliza de seguros con número 04CM27106245**, da compañía aseguradora **LIBERTY SEGUROS, Compañía de Seguros y Reaseguros SA** que cubre os riscos de incendio dos locais e de responsabilidade civil da por danos á concorrente e a terceiros derivados das condicións dos locais, das súas instalacións e servizos, así como da actividade desenvolta e do persoal vinculado ao adxudicatario que preste os seus servizos no mesmo. Importes mínimos asegurados;

- Capital mínimo asegurado para risco de incendio: 100.000 €
- Capital mínimo asegurado para risco de responsabilidade civil: 100.000 euros.

O contratista se compromete a remitir anualmente certificado de expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, caso de prórroga ou renovación do seguro, ou nova póliza, no caso de nova subscrición.

OITAVA.-Condicións especiais de execución do contrato

Son condicións especiais de execución do contrato:

O cumprimento do pago dos salarios do persoal adscrito ao contrato; a persoa contratista deberá estar ao corrente no pago das nóminas dos traballadores que executen o contrato. Non obstante o anterior o incumprimento desta condición non será causa de resolución do contrato.

Esta condición ten carácter de obrigación esencial para os efectos previstos no artigo 211.1.f) e de infracción grave para os efectos establecidos no artigo 71.2.c) da LCSP en caso de incumprimento.

NOVENA.- Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato de concesión de servizos, ademais das sinaladas no artigo 211, coa excepción das contempladas nas súas letras d) e e), as seguintes:

- a) A execución hipotecaria declarada deserta ou a imposibilidade de iniciar o procedemento de execución hipotecaria por falta de interesados autorizados para iso nos casos en que así procedese, de acordo co establecido nesta Lei.
- b) A demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ao concesionario da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- c) O rescate do servizo pola Administración para a súa xestión directa por razóns de interese público. O rescate da concesión requirirá ademais a acreditación de que dita xestión directa é máis eficaz e eficiente que a concesional.
- d) A supresión do servizo por razóns de interese público.
- e) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato.
- f) O secuestro ou intervención da concesión por un prazo superior ao establecido de conformidade co apartado 3 do artigo 263, sen que o contratista garantise a asunción completa das súas obrigacións.

Os efectos derivados na resolución serán os dispostos no artigo 295 da LCSP.

DÉCIMA.- Penalidades específicas



De conformidade co artigo 217.3 da LCSP, procederá a imposición de penalidades á contratista cando, mediante resolución xudicial ou arbitral firme aportada polo subcontratista ou polo subministrador ao órgano de contratación, quedara acreditado o impago polo contratista a un subcontratista ou subministrador vinculado á execución do contrato nos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, e que dita demora no pago non vén motivada polo incumprimento dalgunha das obrigas contractuais asumidas polo subcontratista ou o subministrador. A penalidade poderá alcanzar ata o 5% do prezo do contrato e poderá reiterarse cada mes mentres persista a falta de pagamento ata alcanzar o límite conxunto do 50% do dito prezo. A garantía definitiva responderá das penalidades que se impoñan por este motivo.

Así mesmo, a Fundación establece as seguintes penalidades ou sancións específicas para este contrato;

As infraccións nas que incorra o adxudicatario clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Serán faltas leves,

- a)-O descuido ou mera negligencia no cumprimento das obrigas contractuais que non comporten prexuízos apreciábeis na prestación dos servizos, detectadas ben directamente ou ben polas auditorías realizadas pola Fundación.
- b)-As incorreccións do persoal do adxudicatario cos usuarios que, polas circunstancias que concorran, non sexan susceptibles de calificálas como graves ou moi graves.
- c)-As actuacións que afecten á falta de dilixencia na atención ao público ou retraso inxustificable na prestación do servizo, que pola súa entidade non constitúan outro tipo de faltas.
- d)-A detección dun perigo leve para a saúde, acreditada por calquera das auditoras ás que a Fundación someta ao servizo contratado
- e)-Falta de orde e limpeza das máquinas expendedoras.

Serán faltas graves,

- a)-A desconsideración grave cos usuarios ou clientes.
- b)-As discusións ou altercados promovidos polo persoal do servizo ou cando este interveña de forma activa, aínda que se suscitase polos usuarios.
- c)-O incumprimento ou inobservancia das obrigas establecidas no apartado 11 e 12 deste prego.
- d)- A intoxicación leve ocasionada a algún usuario e debidamente acreditada.
- e)-A reincidencia na comisión de tres faltas leves nun período dun ano natural.
- f)- A interrupción temporal do servizo relativo ás máquinas expendedoras, a falta de subministración de produtos ou a utilización de produtos que non se axusten ás calidades previstas na lexislación vixente, sen causa debidamente xustificada por parte da empresa, e previo estudo das causas polo responsable do contrato

Serán faltas moi graves,

- a)-Os altercados ou alborotos ocasionados polo persoal do servizo.
- b)-Actuacións que leven a situacións de non abastecemento de artigos ou produtos no servizo.
- c)-O peche do establecemento por máis de cinco días no período dun ano natural, salvo que medie autorización expresa por parte da Fundación.
- d)- A intoxicación grave ocasionada a algún usuario e debidamente acreditada.
- e)-A reincidencia na comisión de tres faltas graves nun período dun ano natural.
- f)- A subministración de produtos caducados nas máquinas expendedoras.



g)- A falta de pagamento do canon no prazo establecido no prego de cláusulas particulares.

Penalizacións,

As infraccións leves corresponderalles unha penalización de 0 ata 60 euros, as graves en contía comprendida entre 60 e 150 euros e as moi graves con penalización comprendida entre 150 e 600 euros ou a extinción do servizo a criterio da Fundación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Confidencialidade e protección de datos

O contratista deberá gardar sigilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Non se poderá transferir ningunha información sobre os traballos ou os seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo do órgano de contratación.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. O órgano de contratación poderá especificar as ditas materias na letra Y do cadro de características do contrato deste prego ou no contrato. O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa deberá presentar unha declaración responsable en que se comprometa á dita obriga contractual.

O contratista, conforme ao previsto na cláusula 9.7 do prego de cláusulas particulares que rexe a contratación, se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar se fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais i garantía dos dereitos dixitais, e será así mesmo, de aplicación a disposición adicional vixésimo quinta da LCSP e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que deriven del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable

A contratación tipifícase como contrato concesión de servizos, de conformidade co establecido no artigo 15 da LCSP, e queda sometida á dita lei (artigos 284 a 297), así como ao Real decreto 773/2015, de modificación parcial do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, ao Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, en canto continúe vixente, e ao Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ou ás normas regulamentarias que os substitúan, na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, e nas demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas particulares.

Así mesmo, a execución do servizo axustarase á normativa vixente en materia de hixiene e seguridade alimentaria, así como ás normas aplicables en materia de consumo en defensa do consumidor e usuario, e son especialmente de aplicación as seguintes normas:



- Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, e referida á aplicación do establecido nas guías de prácticas correctas de hixiene e sistemas de autocontrol APPCC (análise de perigos e puntos de control críticos) para este tipo de establecementos.
- Real decreto 640/2006, de 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios.
- Real decreto 109/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia sanitaria para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
- Real decreto 191/2011, de 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.
- Real decreto 1420/2006, do 1 de decembro, sobre prevención da parasitose por anisakis nos produtos da pesca subministrados por establecementos que serven comida aos consumidores finais ou a colectividades.
- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- A Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. En cumprimento desta normativa, está prohibido fumar en todas as dependencias e locais destinados ao servizo da cafetería e de comedor. Débese facer constancia desta prohibición mediante carteis informativos colocados en lugares visibles do recinto da cafetería. Tampouco está permitida a instalación de máquinas expendedoras de tabaco, nin a súa venda.
- Real decreto 126/2015, de 27 de febreiro, polo que se aproba a norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, dos envasados nos lugares de venda a petición do comprador, e dos envasados polos titulares do comercio ao por menor.

DÉCIMO TERCEIRA.-Xurisdición

As controversias que puideran xurdir entre as partes, dirimiranse antes os Xulgados e Tribunais Ordinarios de Santiago de Compostela, con renuncia expresa a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

E para que así conste e aos efectos oportunos, ambas as dúas partes subscriben o presente acordo, en sinal da súa conformidade con este, por duplicado e conservando cada parte un exemplar, en lugar ut supra e na data da última sinatura electrónica.

**Pola Fundación Cidade da
Cultura de Galicia**

Por Catering ACantina SL

**Ana Isabel Vázquez
Reboredo
Directora-Xerente.**

**Ramón Sixto Iglesias e Jesús Cambeiro Triñanes
Administradores Solidarios**

